

## Que organizacións axudan ás persoas desprazadas forzosas no mundo actual?

1. Elabora un cadro no que recollas as características principais dos colectivos de desprazados forzados e refuxiados no mundo actual partindo da consulta dos sitios virtuais de [El Estado del Mundo](#) e [ACNUR](#). Debes salientar a orixe xeográfica, étnica ou relixiosa desas persoas, o volume aproximado de cada grupo, as causas do seu éxodo, os países de acollida e as condicións de supervivencia nas que están.
2. Consulta os sitios virtuais de [ACNUR](#) e dun mínimo de tres ONGs ([Acción contra a Fame](#), [Amnistía Internacional](#), [Entreculturas](#), [Médicos sen Fronteiras](#), [Oxfam](#) etc) e elabora un informe sobre os programas de atención destas organización para as persoas desprazadas forzosas e refuxiadas.
3. Centra a túa atención, agora nas situacións que causan a [intervención de Médicos sen Fronteiras](#) e compáraas, por exemplo, coas de Acción contra a Fame, Oxfam e a [Fundación Vicente Ferrer](#). Argumenta si os seus programas son complementarios ou semellantes e reflexiona sobre as consecuencias para as persoas destinatarias desas accións humanitarias.
4. Consulta no sitio virtual de [Inmigración do Goberno de España](#) as condicións para acoller a persoas refuxiadas. Elabora unha listaxe coas características que deben ter esas persoas para ter tal consideración e non a de inmigrantes.
5. Lee con atención o informe que xuntamos sobre a situación de persoas refuxiadas en España. Elabora un informe dunha páxina sobre as súas condicións de vida e expectativas de futuro.